

Guía de BENVIDA





Benvinda do reitor
Normas Covid-19
A Universidade de Vigo en cifras
Órganos de goberno
Estrutura e organización do ensino universitario
Dereitos e deberes do alumnado
Conta de correo
Wifi
Secretaría virtual
Sede electrónica
Tarxeta universitaria e app da UVigo
Campus Integra
Plataforma de teledocencia Moovi
Biblioteca
Sección de Información ao Estudantado (SIE)
Programas de mobilidade (ORI)
Centro de Linguas
Formación complementaria
Actividades deportivas, saúde e benestar
Actividades culturais
Unidade de Igualdade
Atención á diversidade
Delegacións e asociacións de estudantes
Voluntariado e cooperación
Bolsas e axudas
Premios
Emprego e emprendemento
Aloxamento, comedores e transporte
Seguro escolar e seguro de accidentes
Normativas



2020

setembro						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

outubro						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

novembro						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

decembro						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

2021

xaneiro						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

febreiro						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

marzo						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

abril						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

maio						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

xuño						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

xullo						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

agosto						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Benvida do reitor

Prezado alumnado:

Comezades unha nova etapa das vosas vidas xunto á Universidade de Vigo. Deixades nas nosas mans a vosa formación superior, e por iso quero agradecervos a confianza. Na Universidade de Vigo traballamos decontino para que cumprades as vosas expectativas e queremos ser unha guía para o futuro ao longo da carreira académica e profesional.

Espero que avancedes cara ao voso proxecto de vida con esforzo e honestidade, coa certeza de que na Universidade de Vigo sempre atoparedes o apoio necesario para acadar as vosas metas.


Manuel Reigosa Roger

Normas Covid-19

Como sabes, a COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade. A Universidade de Vigo, comprometida coa saúde e a seguridade, tamén estableceu unha serie de normas que deben cumprirse con responsabilidade para o bo desenvolvemento da actividade docente.

Consulta na web do teu centro e na [web da Universidade de Vigo](#) cales son esas normas, a vosa responsabilidade é crucial para manter a seguridade sanitaria nos centros.





A UVigo en cifras

A Universidade de Vigo nace como institución independente en 1990.

Dende o ano 2013 estamos entre as 100 mellores universidades do Mundo de menos de 50 anos, segundo o Times Higher Education Ranking.

Somos unha institución forte e sólida como podes ver nos nosos datos:

- 3 campus especializados
Ourense, o Campus da Auga
Pontevedra, o Campus CREA
Vigo, o Campus de Vigo Tecnolóxico
- 2295 persoas investigando
- 702 persoas de administración e servizos
- 116 titulacións oficiais de Grao e Mestrado no curso 19-20
- 39 programas de doutoramento
- 22 centros universitarios propios
- 7 centros adscritos
- 5 centros tecnolóxicos
- 140 áreas de coñecemento
- Máis de 21235 persoas matriculadas no curso 2019-20

Órganos de goberno

O reitor ou reitora é a máxima autoridade académica da universidade e ostenta a súa representación.

O Equipo de goberno está integrado por profesorado doutor que presta servizo na universidade, nomeado polo reitor ou reitora para axudar no exercicio das súas funcións. Son os vicerreitores e vicerreitoras as persoas que asumen estas competencias e funcións.

Esta é a súa estrutura actual:

- Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade
- Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais
- Vicerreitoría de Economía
- Vicerreitoría de Investigación
- Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado
- Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria
- Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación
- Vicerreitoría do Campus de Ourense
- Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
- Secretaría Xeral

Máis información en [Goberno da UVigo](#)





Estructura e organización do ensino universitario

O “Espazo Europeo de Educación Superior” garante que todos os títulos sexan válidos e comparables nos 49 países que o integran. As modalidades oficiais de estudo son:

- Grao. Duración de 240 créditos ECTS (4 cursos académicos de 60 créditos).
- Máster. Comprenden entre 60 y 120 créditos ECTS (un ou dous cursos)..
- Doutoramento. Orientado á carreira investigadora. Culmina coa realización da tese de doutoramento.

As titulacións de grao están enmarcadas dentro destas áreas de coñecemento:

- Artes humanidades
- Ciencias
- Ciencias da saúde
- Ciencias sociais e xurídicas
- Enxeñaría e arquitectura

Dereitos e deberes do alumnado

Todo o alumnado da Universidade de Vigo ten dereito a participar nos órganos de goberno da Universidade, dos centros e dos departamentos, mediante a elección de representantes.

Os órganos con representación estudantil son:

- Claustro
- Consello Social
- Consello de Goberno
- Consello de Campus ([Pontevedra](#) e [Ourense](#))
- [A Xunta de Centro](#)
- Xunta de Titulación
- Consello de Departamento
- Tribunal de Garantías
- Comisión de calidade do centro
- Consello de Estudiantes Universitario do Estado


A Valedora universitaria é Esther Pillado González. Son funcións da Valedora Universitaria velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria.

Os dereitos e deberes do estudantado están recollidos no [Real Decreto 1791/2010, de 20 de decembro](#), polo que se aproba o Estatuto del Estudiante Universitario.

Máis información:

Edificio Filomena Dato, 2º andar
36310, Vigo
+34 986 813 830
secvaledora@uvigo.es





Conta de correo

Como estudante terás dispoñible unha conta de correo que ademáis de como caixa de correo poderás empregar para identificarte como membro da Universidade de Vigo tanto en servizos internos como externos á Uvigo.

Esta conta tamén se crea de forma automática e para utilizala deberás inicializala cun contrasinal novo.

Para iso accede a <https://correoweb.uvigo.es>, identifícate cos teus datos de acceso á Secretaría Online, e poderás consultar cal é a túa conta de correo e establecer un novo contrasinal. Na sección de Axuda da Secretaría tes instrucións detalladas de como facelo paso a paso.

- <https://correoweb.uvigo.gal/>
- <https://secretaria.uvigo.gal/> -> Axuda

Máis información:
Servizos Informáticos
+34 986 812 668
saum@uvigo.es

Wifi

A Universidade de Vigo dispón dunha rede sen fíos que se estende a todos os centros de todos os campus. Para poder empregala deberás identificarte coa túa conta de correo proporcionada

Cando te conectes terás dispoñibles dúas redes:

- alumnos
- eduroam

Aínda que é un pouco máis difícil de configurar recomendámosche que empreges eduroam xa que:

- Só a terás que configurar 1 vez.
- A información vai cifrada
- Se viaxas a outra Universidade ou institución que estea asociada ao proxecto eduroam, terás internet de forma inmediata sen necesidade de configurar nada

Máis información:
Servizos Informáticos
+34 986 812 668
saum@uvigo.es





Secretaría virtual

É a porta a un bo número de servizos dixitais que podes realizar a través de Internet, como cambios na túa matrícula, solicitude de bolsas, consulta de expediente, pago de taxas, etc.

Unha vez completado o proceso de automatrícula a conta de usuario que che da acceso a estes servizos créase automaticamente.

A primeira vez que accedas deberás recuperar os teus datos de acceso introducindo o enderezo de correo co que te matriculaches (@gmail, @hotmail, etc.) e así obter o teu NIU (Número de Identificación Universitaria) e establecer un contrasinal de acceso.

En caso de que non se atope o teu enderezo de correo, proba a darte de alta manualmente, podería ser que a alta automática fallase.

- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Recuperar datos de acceso
- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Crear conta na Secretaría Online

Calquera dúbida relacionada coa túa matrícula, expediente, etc. débela consultar en primeira instancia na Secretaría de Alumnos do teu centro. Máis axuda en: <https://secretaria.uvigo.gal> -> Axuda

Máis información:
Servizos Informáticos
+34 986 812 668
saum@uvigo.es

Sede electrónica

A nova situación administrativa tras a crise sanitaria supón menor presencialidade e redución de documentación física, polo que deberás realizar moitas solicitudes e trámites a través da Sede Electrónica. Preme aquí para acceder á web da Sede electrónica (<https://sede.uvigo.gal/>)

A Sede electrónica da Universidade de Vigo emprega para identificarse e garantir unha comunicación segura un certificado de autenticación de sitio web emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda (FNMT - RCM). Consulta [aquí](#) como obtelo

Máis información:
Servizos Informáticos
+34 986 812 668
saum@uvigo.es





Tarxeta universitaria e app UVigo

A tarxeta universitaria intelixente (TUI) acredítache fisicamente como membro da comunidade universitaria da UVigo para obter libros na biblioteca ou acceder a recintos restrinxidos.

Mediante a aplicación da UVigo, que podes instalar tanto en dispositivos Android coma iOS, terás toda a actualidade da UVigo no teu peto e tamén a TUI no teu móbil. Unha vez que teñas a túa conta na secretaría virtual, xa poderás instalar a aplicación.

Busca «uvigo» na tenda de aplicacións do teu dispositivo!

Para a emisión da TUI terás que achegarte a unha das oficinas do Banco Santander que hai nos campus e solicitar a túa tarxeta. Para solicitala preme [aquí](https://www.uvigo.gal/campus/vantaxes/tarxeta-universitaria). (<https://www.uvigo.gal/campus/vantaxes/tarxeta-universitaria>)

Máis información:

Sección de Información a Estudantes (SIE)

Edificio Miralles

As Lagoas, Marcosende

+34 986 813 630 | 986 813 755

sie@uvigo.es

Campus Integra

Vídeo de presentación de Campus Integra


A Universidade de Vigo está preparada para todas as modalidades de docencia (presencial, mixta ou a distancia) a través do Campus Integra. Ademais dos servizos de correo electrónico e wifi, implementamos o Campus Remoto para facilitar o seguimento das clases en todas as circunstancias.

Campus Remoto é o xemelgo virtual das aulas e despachos físicos da Universidade de Vigo. Permite a docencia non presencial e/ou mixta.

Máis información:
Servizos Informáticos
+34 986 812 668
saum@uvigo.es

UVigo TV
+34 986 811 937
tv@uvigo.es





Plataforma de teledocencia Moovi

A Universidade de Vigo, dentro dos recursos do Campus Integra, busca proporcionar soportes fiables e con grandes utilidades para implementar na docencia. Contamos cunha nova plataforma de teledocencia chamada Moovi (<https://moovi.uvigo.gal>) que substitúe a Faitic. Moovi posibilita o desenvolvemento e ubicación dun sitio deseñado para a aprendizaxe e dotado dun gran conxunto de recursos e funcionalidade de apoio á docencia.

Máis información:
Servizos Informáticos
+34 986 812 668
saum@uvigo.es

UVigo TV
+34 986 811 937
tv@uvigo.es

Biblioteca

Na Biblioteca Universitaria xestionamos e poñemos á túa disposición un amplo conxunto de [servizos](#) e de [recursos de información](#) impresos e dixitais como apoio ás túas actividades de aprendizaxe.

Estamos presentes fisicamente nos tres campus a través dunha [rede de once bibliotecas](#), e virtualmente na web da biblioteca: uvigo.gal/universidade/biblioteca

O noso obxectivo é que a biblioteca sexa para ti un lugar onde «aprender a aprender», unha extensión da clase onde atopes todo tipo de recursos de información, espazos de estudo e traballo, equipamentos axeitados, e formación e asesoramento no uso e na xestión da información.

Na [Guía para alumnado de novo ingreso](#) tes toda a información para dar os teus primeiros pasos connosco.

Agardámoste!

Máis información:

Biblioteca Universitaria de Vigo

Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación

Biblioteca Central, As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

+34 986 813 843

referencia@uvigo.gal





Sección de Información ao Estudante: SIE

O SIE é a sección de información ao estudante e o seu obxectivo é ofrecer unha información clara e completa sobre todo o concernente ao proceso de matrícula e á vida universitaria.

Máis información:

Sección de Información a Estudiantes (SIE)

Edificio Miralles

As Lagoas, Marcosende

+34 986 813 630 | 986 813 755

sie@uvigo.es

Programas de mobilidade: ORI

A ORI, Oficina de Relacións Internacionais xestiona a mobilidade da comunidade universitaria.

- Informa e asesora a comunidade universitaria sobre os diferentes programas internacionais no ámbito da educación superior.
- Fomenta e xestiona a mobilidade de alumnado e profesorado, en especial no marco dos programas Erasmus+, ISEP, Bolsas MAE e programas de cooperación da Universidade de Vigo.

Máis información:

Oficina de Relacións Internacionais. ORI

+34 986 811 947

ori@uvigo.gal





Centro de Linguas

O Centro de Linguas nace no ano 2004 para promover e desenvolver actividades de formación en linguas modernas, atendendo ás necesidades lingüísticas da comunidade universitaria e da súa contorna próxima. Tras estes 10 anos de experiencia, o CdL é hoxe un referente no ensino de linguas e na acreditación de nivel de idioma, estando certificados polas entidades de acreditación máis recoñecidas (Instituto Cervantes, ACLES, TOEFL, etc).

Accede ao seu catálogo de cursos a través desta ligazón: <https://cdl.uvigo.es/>

Máis información:
Centro de Linguas
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus Universitario
36310 Vigo (Pontevedra)
+34 986 812 250
centrodelinguas@uvigo.es

Formación complementaria

Ao longo dos teus estudos poderás formarte a través de cursos e actividades complementarias. Podes atopar o catálogo de cursos complementarios de formación e títulos propios nesta ligazón: <https://bubela.uvigo.es/bubela/publico/publico.php>

Tamén contas cunha ampla oferta de cursos e obradoiros organizados pola Área de Extensión Universitaria.

Consulta a oferta cultural [aquí](#).

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión universitaria

+34 986 813 626

extension@uvigo.gal





Actividades deportivas, saúde e benestar

Manter un estilo de vida saudable é fundamental para completar con éxito a formación académica. Por iso na Universidade de Vigo contamos cunha ampla oferta no eido do deporte e o tempo libre: rutas culturais, experiencias no medio acuático, salas de cardio-fitness, ligas internas, actividades aeróbicas...

Consulta a oferta deportiva [aquí](#)

Matricúlate no [Campus Activo](#)

Para impulsar a saúde e o benestar a Universidade de Vigo pon tamén diferentes servizos a disposición da comunidade universitaria (servizo médico, consulta psicopedagóxica, fisioterapia, medicina deportiva...) cos que axudar a resolver posibles problemas que poidan xurdir ao longo da estancia no campus.

Nesta ligazón coñecerás con máis detalle os servizos de saúde: <https://www.uvigo.gal/campus/saude-benestar/servizos-saude>

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión universitaria
+34 986 813 626
extension@uvigo.gal

Actividades culturais

A universidade é aprendizaxe, cultura, relacións e tamén ocio e diversión. A vida universitaria fórmate como persoa a través de obradoiros, cursos, seminarios ou xornadas relacionadas co teatro, cine, literatura ou arte.

Consulta a oferta cultural [aquí](#).

Podes matricularte nas actividades no [Campus activo](#).

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión universitaria

+34 986 813 626

extension@uvigo.gal





Unidade de Igualdade

A Universidade de Vigo é un espazo libre de violencias machistas e ten como prioridade, en liña coa Axenda 2030, favorecer a cultura do respecto, da igualdade e da inclusión, garantindo que todas as persoas que conforman a nosa comunidade poidan desenvolver a súa actividade académica e laboral con dignidade e nun espazo libre de violencias de xénero e de máximo respecto dos dereitos humanos.

Consulta as nosas políticas e plans de igualdade, os protocolos de actuación (contra o acoso sexual e por razón de sexo, cambio de nome), o noso boletín e/ou recursos na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/campus/igualdade>

Tamén podes acceder ao noso itinerario virtual de formación en xénero que é gratuíto para o alumnado e que ten recoñecemento de ECTS.

<http://formacionigualdade.webs7.uvigo.es/inicio/>

Máis información:
Unidade de Igualdade
+34 986 813 419
igualdade@uvigo.es

Atención á diversidade

Para que todo o alumnado poida desenvolver a súa vida universitaria de xeito pleno, a Universidade de Vigo ten en marcha unha serie de medidas a través da súa unidade de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten).

Podes consultar estas medidas na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade>

Para máis información, podes contactar coa Unaten:

Campus de Vigo

+34 986 813 817 - 986 813 626

diversidade@uvigo.gal





Delegacións e asociacións de estudantes

Apoiamos o asociacionismo e a participación do alumnado universitario en todos os aspectos da vida universitaria.

O alumnado debe formar parte de todos os aspectos da vida universitaria participando activamente das decisións e das iniciativas que se desenvolven na universidade. Existen diferentes formas de participar, tales como:

- [Delegacións de estudantes das diferentes titulacións](#)
- [Asociacións universitarias](#)
- Grupos informais para o desenvolvemento de proxectos específicos

Para saber máis sobre o asociacionismo na UVigo podes consultar a [Listaxe de asociacións de estudantes na UVigo](#)

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
+34 986 813 626
extension@uvigo.gal

Campus de Ourense. Área de Servizos á Comunidade
+34 988 387 102 +34 988 387 089
asc-ou@uvigo.gal

Campus de Pontevedra. Área de Servizos á Comunidade
+34 986 801 949 +34 986 801 955
asc-po@uvigo.gal

Voluntariado e cooperación

O Programa de voluntariado da UVigo depende da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e está organizado polo Servizo de Xestión da Extensión Universitaria.

Un dos obxectivos principais é fomentar a participación dos membros da comunidade universitaria en actividades voluntarias, que desexen encarreirar as súas inquedanzas sociais, cooperativas e solidarias.

Recibirás créditos por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS.

Consulta [aquí](#) os programas de voluntariado

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria

+34 986 813 626

extension@uvigo.gal

Campus de Ourense. Área de Servizos á Comunidade

+34 988 387 102 +34 988 387 089

asc-ou@uvigo.gal

Campus de Pontevedra. Área de Servizos á Comunidade

+34 986 801 949 +34 986 801 955

asc-po@uvigo.gal





Bolsas e axudas

O Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos ten como misión a información, xestión, tramitación e resolución das bolsas e axudas ao estudo destinadas ao alumnado da Universidade de Vigo. Ademais, encárgase da información e da tramitación dos procedementos de xestión de prezos públicos relativos á vida académica das alumnas e alumnos.

Atopa a túa convocatoria de bolsas no noso buscador:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/categoria/bolsas>

Máis información:

Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Edificio Exeria

As Lagoas, Marcosende

36310 Vigo

+34 986 813 611 +34 986 813 612

bolsas@uvigo.gal

prezospublicos@uvigo.gal

Premios

Se tes talento nas artes tamén pode ser interesante que participes nos diferentes concursos e convocatorias de premios organizados por Extensión Universitaria e tamén pola Área de Normalización Lingüística.

Información sobre [Premios culturais](#)

Información sobre os [Premios organizados pola ANL](#)

Información sobre máis [Premios académicos](#)

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
+34 986 813 626
extension@uvigo.gal

Campus de Ourense. Área de Servizos á Comunidade
+34 988 387 102 +34 988 387 089
asc-ou@uvigo.gal

Campus de Pontevedra. Área de Servizos á Comunidade
+34 986 801 949 +34 986 801 955
asc-po@uvigo.gal





Emprego e emprendemento

Somos unha institución orientada á empregabilidade e traballamos co obxectivo de axudar as persoas egresadas no inicio da súa vida profesional para que acaden postos ligados coa súa formación e intereses.

A Área de Emprego e Emprendemento é unha unidade de xestión que ten como obxectivo fundamental facilitar, en colaboración con administracións, empresas e outras institucións, o acceso ao mercado laboral das persoas tituladas na Universidade de Vigo.

Podes solicitar información na Área de Emprego ou utilizar tamén o buscador de ofertas de emprego:
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/emprego/public/oferta/>

Máis información:

Área de Emprego e Emprendemento (AEE)

Edificio Miralles

Campus de Vigo

+34 986 812 136

+34 986 818 710

emprego@uvigo.gal

Aloxamento, comedores e transporte

En cada un dos campus da universidade existe unha ampla oferta de diferentes tipos de aloxamento desde residencias universitarias a pisos de alugamento. Ademais existen axudas que a universidade convoca anualmente tanto para o aloxamento coma para o comedor.

O desprazamento ao teu campus é sinxelo e cómodo, tes moitas alternativas e grandes descontos

Aprovéitaos! Consulta todas as posibilidades aquí.

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria

+34 986 813 626

extension@uvigo.gal

Campus de Ourense. Área de Servizos á Comunidade

+34 988 387 102 +34 988 387 089

asc-ou@uvigo.gal

Campus de Pontevedra. Área de Servizos á Comunidade

+34 986 801 949 +34 986 801 955

asc-po@uvigo.gal





Seguro escolar e seguro de accidentes

O seguro escolar protéxete no caso de accidente escolar, enfermidade ou infortunio familiar, e outorga prestacións médicas, farmacéuticas ou económicas segundo o caso.

Se estás enfermo ou tes un accidente, debes dirixirte ao INSS co resgardo da matrícula (debe constar que tes aboado o seguro escolar) antes de acudir ao centro de saúde, agás nos casos de urxencia médica que podes facer o trámite no INSS a posteriori.

Oficinas do INSS:

- Ourense: rúa do Concello, núm. 1 (tfno.: 988 521 000)
- Vigo: rúa do Grove, núm. 4 (tfno.: 986 249 700)
- Pontevedra: rúa de Gagos de Mendoza, núm. 4 (tfno.: 986 850 823)

Seguro de accidentes: ademais, a Universidade de Vigo conta cun seguro de accidentes gratuito denominado Cum laude para o seu alumnado. Podes informarte das características, cobertura, garantías e tipos na seguinte [ligazón](#).

Máis información:

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
+34 986 813 626
extension@uvigo.gal

Campus de Ourense. Área de Servizos á Comunidade
+34 988 387 102 +34 988 387 089
asc-ou@uvigo.gal

Campus de Pontevedra. Área de Servizos á Comunidade
+34 986 801 949 +34 986 801 955
asc-po@uvigo.gal

Normativas

Se queres consultar as normativas da Universidade de Vigo tes un buscador á túa disposición que che permitirá localizar e descargar o documento.

Accede a través desta ligazón: [arquivo de normativa](#)



